

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA MATERIAS: MATEMÁTICA,  
FÍSICA E QUÍMICA, BIOLOXÍA E XEOLOXÍA, TECNOLOXÍA**

**CURSO 2022-2023**

**LOMCE E LOMLOE**

Curso	Instrumentos de avaliación	Peso (%)	Observacións
ESO	Media dos exames, tendo en conta que se valorarán os coñecementos conceptuais dos alumnos, así coma as súas destrezas no cálculo e a precisión na linguaxe matemática e na comprensión dos textos. Posto que nos exames finais hai unha redución de contidos, a cualificación máxima será de 6 puntos.	80 (Mat.) 80 (FQ e BX 3º e 4º) 70 (BX 1º, FQ 2º) 60 (Tecn 1º, 2º)	Non se fará media con exames cuxa nota sexa inferior a 3. Terase en conta a limpeza, claridade e presentación, etc.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Preguntas orais en clase.</li> <li>· Asistencia e actitude en clase (puntualidade, esforzo, atención, participación, etc.)</li> <li>· Realización das tarefas de casa.</li> <li>· Revisión de cadernos (1º, 2º)</li> <li>· Realización de traballos e exercicios (tendo en conta, nestes, a presentación, puntualidade na entrega, corrección na expresión, etc), problemas, cuestións do blog,...</li> </ul>	20 (Mat.) 20 (FQ e BX 3º e 4º) 30 (BX 1º, FQ 2º) 40 (Tecn. 1º, 2º)	Será requisito indispensable para aprobar realizar habitualmente os deberes. Este 20% non computará se hai faltas habituais de disciplina na clase, das que se informará aos pais ou tutores legais cun parte de incidencias.
<p><u>Aspectos a ter en conta:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· As faltas habituais de puntualidade ou o absentismo poderán supoñer unha cualificación negativa na materia.</li> <li>· Abandono da materia por parte do alumno será considerado razón suficiente para una cualificación negativa, así como para ser dado de baixa dos programas de reforzo.</li> <li>· En caso de dúbida nas cualificacións de xuño (especialmente se afecta á promoción ou á titulación) terase en conta o historial do alumno durante o curso.</li> <li>· A cualificación máxima para alumnos con reforzo fóra da aula ou ACI será de 6 puntos.</li> </ul>			

### RECUPERACIÓN DA MATERIA DURANTE O CURSO

Avaliación	Recuperación	Data
1ª	Proba do dado na avaliación despois da entrega de cualificacións. Posible redución dalgúns contidos.	Antes da fin da 2ª avaliación.
2ª	Proba do dado na avaliación despois da entrega de cualificacións. Posible redución dalgúns contidos.	Antes da fin da 3ª avaliación.
3ª	Proba do dado na avaliación despois da entrega de cualificacións se dá tempo. Posible redución dalgúns contidos.	Entre a fin da 3ª avaliación e a convocatoria de xuño.

Convocatoria ordinaria (xuño)	Realización de proba escrita das avaliacións suspensas para comprobar a superación dos criterios de avaliación. A criterio do profesor/a, redución de certos contidos. Nota final: media ponderada da nota de xuño e as das avaliacións aprobadas.
-------------------------------	--

### PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

O alumnado das materias do departamento de Ciencias seguirá o seguinte plan de reforzo:

Realización de probas	
Febreiro	As probas serán na semana do 11 ao 17.
Abril	As probas serán entre o 17 e o 19.

Realización de tarefas
Entrega en prazo de tarefas solicitadas ao longo do curso correctamente realizadas.

Avaliación	
Matemáticas 1º	Entrega de exercicios ben realizados e proba sinxela. Se non entrega os exercicios ou están mal, a proba será diferente.
Bioloxía e Xeoloxía 1º	Entrega de exercicios ben realizados (sen proba). Se non os entrega ou non están ben, deberá realixar unha proba escrita.
Matemáticas 2º Física e Química 2º	Entrega de exercicios ben realizados (nota máxima de 3 puntos sobre os 5 do total) e proba sinxela. Se non entrega os exercicios ou están mal, a proba será diferente.
Tecnoloxía 2º e 3º	Entrega de exercicios ben realizados e proba sinxela. Se non entrega os exercicios ou están mal, a proba será diferente.
Matemáticas 3º Física e Química 3º Bioloxía e Xeoloxía 3º	Boletín de exercicios (obligatorio): 30%, proba escrita: 70%. En caso de alumnado coa 1ª avaliación de Fís. e Quím. 4ª aprobada: nota avaliación: 35%, nota boletín : 30%, proba escrita reducida (só o que non se repasou en 4º): 35%
Teranse en conta os contidos mínimos marcados na programación do curso ao que corresponda a materia pendente. A nota máxima será de 6 puntos.	